



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 536

VIII legislatura

12 de setembro de 2011

Fascículo 2

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei de mobilidade de terras

— 26 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. 66275) [155399](#)

— 84 do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 66282) [155408](#)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei de mobilidade de terras

A Mesa da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, na reunión do 12 de setembro de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación de emendas:

- 08/PL-0029(64874)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de mobilidade de terras

BOPG núm. 472, do 18.05.2011

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado (un total de 110)

- 26 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. 66275).
- 84 do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 66282).

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2011

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE MOBILIDADE DE
TERRAS (NUM. EXPE. 08/PL-0029).**

Emenda nº1, ao apartado f), de Substitución. Artigo 1

Substitúese a expresión “zonas de actuación agraria prioritaria”
por “zonas e proxectos de actuación agraria prioritarios”

Emenda nº2, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 3

Suprímese, no parágrafo segundo, a expresión “,nin tampouco
por tratarse de predios vinculados a explotacións forestais
mixtas ou de tipo industrial,”.

Emenda nº3, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 3

Modifícase o inciso final do primeiro parágrafo, que vai desde
”que, independentemente da súa clasificación urbanística,” até
o final do parágrafo, polo seguinte texto:

“ que fora clasificado como solo rústico de protección
agropecuaria, ou que, con independencia da súa clasificación
urbanística, que sexa susceptible dun aproveitamento agrícola,
gandeiro ou silvopastoril, así como os elementos vinculados ao
predio necesarios ou complementarios para realizar dito
aproveitamento.”

Emenda nº4, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 6

Substitúese a expresión “fins agrícolas, forestais, gandeiros,
ambientais, paisaxísticos, de custodia do territorio, de
infraestruturas, patrimoniais ou de regularización do patrimonio
das Administracións Públicas” por:

“fins agrícolas e gandeiros, de infraestruturas vinculadas a
ditos aproveitamentos ou ao desenvolvemento rural e

subsidiariamente, ambientais, paisaxísticos, de custodia do territorio, patrimoniais”

Emenda nº5, ao apartado 2.a), de Adición. Artigo 6

Engádese ao remate o seguinte texto:

“, así como ampliación e mellora da base territorial dos proxectos agrarios prioritarios.”

Emenda nº6, ao apartado 2.e), de Substitución. Artigo 6

Substitúese a expresión “agroforestal” por “agropecuaria e silvopastorís”

Emenda nº7, ao apartado 2.h), de Adición. Artigo 6

Engádense un novo apartado co seguinte contido:

“h) Establecemento de novos asentamentos, fundamentalmente nas zonas gravemente afectadas polo envellecemento da poboación ou polo éxodo rural.”

Emenda nº8, ao apartado 2.i), de Adición. Artigo 6

Engádense un novo apartado co seguinte contido:

“i) Aseguramento das condicións necesarias para lles facilitar terra a cantas persoas desexen dedicarse á agricultura en explotacións agrarias existentes ou de nova creación.”

Emenda nº9, de Substitución. Artigo 8

“A xestión do Banco de terras de Galiza atribúese á entidade xestora que ao efecto constitúa o Consello da Xunta de Galiza.

A fin de garantir o axeitado cumprimento da presente Lei, a entidade xestora terá carácter especializado, adicándose de xeito prioritario á xestión dos bens e dos dereitos incorporados ao Banco de Terras de Galiza, que comprende a realización das funcións de servizo de transmisión e depuración xurídica e física dos terreos con vocación agraria. “

Emenda nº10, ao apartado e), de Supresión. Artigo 9

Suprímese a expresión “forestais”

Emenda nº11, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 11

Débase suprimir o punto 3 do artigo.

Emenda nº12, ao apartado 8.h), de Adición. Artigo 11

Engádesse un novo apartado co seguinte contido:

“h) Cando se trate de predios forestados en terras agrícolas, así como en predios incluídos nas redes de faixas de xestión de biomasa que foran forestados.”

Emenda nº13, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 13

Substitúese a expresión “establecerá” por “poderá establecer”

Emenda nº14, ao apartado 1.f), de Substitución. Artigo 16

Substitúese o texto do apartado f) polo seguinte:

“f) Os criterios de adxudicación, xunto coa súa ponderación, que ademais do prezo, terán que estar vinculados cos obxectivos regulados no artigo 6.2 desta Lei.”

Emenda nº15, ao apartado 1.g), de Adición. Artigo 16

Engádesse un novo apartado, que queda redixido:

“g) A acreditación ou o compromiso de destino para usos agrícolas, gandeiros ou silvopastorís, ou para equipamentos ou dotacións vinculados a ditos aproveitamentos, dos bens obxecto de adxudicación.”

Emenda nº16, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 17

Substitúese o parágrafo primeiro do apartado 1 polo seguinte texto:

“1. A transmisión en propiedade por medio da adxudicación directa, a título oneroso, deberá ser acordada pola consellaría competente en materia de agricultura, e estar motivada necesariamente nalgunha das seguintes causas:”

Emenda nº17, ao apartado 1.d), de Adición. Artigo 17

Engádesse un novo apartado coa seguinte redacción:

“d) Acceso á terras por parte de mulleres labregas que sofren violencia de xénero e que, por mor diso, tiveron que abandonar a vivenda habitual”.

Emenda nº18, ao apartado 2.d), de Adición. Artigo 18

Engádesse, ao remate do apartado d) o seguinte texto:

“,que necesariamente terán que estar vinculados cos obxectivos regulados no artigo 6.2 desta Lei.”

Emenda nº19, ao apartado 3.b), de Supresión. Artigo 18

Suprímese no primeiro parágrafo do apartado b) a seguinte expresión:

“setenta anos no caso de predios destinados a fins forestais,
e”

Emenda nº20, ao apartado 3.b), de Supresión. Artigo 18

Suprímese no segundo parágrafo do apartado b) a seguinte expresión:

“a vinte anos, no caso de predios destinados a fins forestais,
ou”

Emenda nº21, de Substitución. Artigo 20

Substitúese o texto deste artigo polo seguinte:

“Artigo 20. Dereitos de adquisición preferente.

1. A entidade xestora do Banco de Terras de Galiza gozará dun dereito de adquisición preferente, que exercitará conforme as normas regulamentarias de desenvolvemento desta lei e as de dereito privado que sexan aplicábeis, polas transmisións, sexan a título oneroso como gratuítas inter vivos, dos seguintes bens:

a) Os integrantes do Banco de Terras de Galiza descritos no artigo 5 da presente Lei.

b) Os predios rústicos con vocación agraria que teñan unha superficie superior a 15 hectáreas.

c) Os predios rústicos con vocación agraria que, sen acadar a superficie de 15 hectáreas, sexan transmitidos no marco da mesma operación inmobiliaria conxunta, con independencia da data de formalización dos contratos ou acordos necesarios, e que supoñan a transformación dunha extensión superior a 15 hectáreas de superficie agraria útil.

2. Non haberá lugar ao exercicio dos dereitos de adquisición preferente:

a) Nas transmisións gratuítas inter vivos, a favor de persoas que teñan a condición de fillos e descendentes, ascendentes ou parentes consanguíneos ata o terceiro grao e mais a favor do cónxuxe ou da persoa que estivese convivindo co transmitinte no momento no que se produza o feito, neste último caso sempre e cando se cumpran os requisitos previstos na disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galiza, nin nas achegas de bens realizadas por un cónxuxe á súa sociedade de gananciais.

b) Nas transmisións a favor daquelas persoas que teñan a condición de persoa titular de explotación agraria, persoa profesional da agricultura, persoa agricultora a título principal ou moza.

3. Os dereitos de adquisición preferente previstos neste artigo terán prioridade respecto de calquera outro dereito de adquisición establecido pola lexislación vixente, agás os retractos de graciosa, o da persoa arrendataria de arrendamentos rústicos, incluídos os históricos, o de lugar acasurado ou parzaría e do de persoas que teñan a condición de lindeiros, coherdeiros e comuneiros e mais o de propietarios lindeiros que sexan titulares de explotacións prioritarias, nos termos establecidos na Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galiza, no Código civil e na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

4. As adquisicións realizadas pola entidade xestora do Banco de terras de Galiza como consecuencia dos dereitos de adquisición preferente non obstarán o exercicio dos dereitos de retracto polos lindeiros, coherdeiros ou comuneiros.

5. Os dereitos de adquisición preferente sobre os bens integrantes do Banco de Terras de Galiza, así como sobre os predios rústicos con vocación agraria que teñan unha superficie superior a 15 hectáreas a que se refiren, respectivamente, as alíneas a) e b) do apartado 1 do presente artigo exerceranse a través do exercicio do tanteo e retracto. O exercicio do dereito de retracto efectuarase cando non se puidese exercitar o tanteo por non terse notificado a intención de formalizar a transmisión, a través dos procedementos que regulamentariamente se establezan.

6. Os dereitos de adquisición preferente sobre as transmisións de predios rústicos con vocación agraria que formen parte dunha operación conxunta inmobiliaria a que se refire a alínea c) do apartado 1 do presente artigo exerceranse a través do dereito de retracto, que se deberá efectuar no prazo máximo de 1 ano desde que se formalizase a derradeira das transmisións dos predios, e nos termos que regulamentariamente se establezan.

7. No caso de que a transmisión afecte a bens integrantes do Banco de terras de Galiza que nese momento se atopen cedidos por calquera das fórmulas reguladas nesta Lei, as persoas titulares desa cesión poderán interesar o exercicio dos dereitos de adquisición preferente, nos mesmos termos que a entidade xestora do Banco de terras de Galiza, tendo preferencia sobre esta.”

Emenda nº22, ao apartado 4, de Adición. Artigo 24

Engádesse un novo apartado 4, coa seguinte redacción:

“4. Os plans e programas de axudas plurianuais destinados ao desenvolvemento rural ou ao fomento da actividade agraria en Galiza, con independencia da administración de orixe que achega os fondos que os financien, deberán conter liñas de axuda específicas destinadas a mobilizar a superficie agraria útil, particularmente, co obxectivo de incentivar aos titulares das explotacións agrarias que amplíen a base territorial de ditas explotación a través de fórmulas de cesión ou arrendamento, e promovan prácticas de cultivo, laboreo ou pastoreo en terreos de superficie agraria útil para promover o seu uso óptimo e mellorara a súa conservación. “

Emenda nº23, ao apartado 1.a) e b), de Substitución. Artigo 28

Substitúese o texto das letras a) e b) o apartado 1, polo seguinte:

“a) aqueles terreos rústicos sometidos a explotación agraria até tempos recentes sen que na actualidade se realice ningunha práctica laboral e ningún cultivo sobre este, que mostra unha cobertura evidente de matogueira ou dos seus restos, no caso de ter ardido, de especies leñosas e arbustivas, cunha porcentaxe de ocupación superior ao cincuenta por cento de extensión superficial e un porte medio superior a cincuenta centímetros.

b) os terreos rústicos non sometidos a ningunha práctica de cultivo ou mínimo laboreo, non cultivado nin destinado a pastoreo, nin ao mantemento dunha cuberta vexetal adecuada desde o punto de vista ambiental, cunha porcentaxe de ocupación de matogueira e dos seus restos superior ao setenta e cinco por cento de extensión superficial e un porte medio superior a cincuenta centímetros, así como as plantacións forestais realizadas en terras de vocación produtiva agraria cando poidan propiciar a aparición do lume e, en todo caso, causen perdas ou limiten o aproveitamento óptimo dos predios estremeros por limitar o seu potencial máximo de rendemento.

c) os predios que, estando nas situacións descritas nas alíneas precedentes, ademais presenten unha situación de grave abandono por favorecer a aparición e a propagación do lume,

fenómenos de erosión e unha especial incidencia de malas herbas, pragas ou enfermidades que poidan afectar os predios lindeiros, ou no que a súa falta de mantemento permita o desenvolvemento incontrolado de vexetación espontánea invasora que ameace con romper o tradicional equilibrio agroecolóxico do predio ou da zona de cultivo determinada e con afectar por extensión os agros de cultivo circundantes."

Emenda nº24, de Adición. Artigo 48

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

" Artigo 48. Proxectos agrarios prioritarios.

1. Poderán ser declarados como proxectos agrarios prioritarios, para os efectos de promover a mellora ou, de ser o caso, a dotación da súa base territorial produtiva, aqueles nos que concorra algunha das seguintes características:

a) Que faciliten a ampliación ou a implantación de explotacións con dimensións e estruturas que favorezan a creación de emprego, especialmente se é de xente moza e/ou mulleres.

b) Que impulsen a ampliación ou a creación da base territorial de cooperativas ou doutras asociacións agrarias.

c) Que contribúan ao establecemento ou á fixación da poboación nas zonas especialmente afectadas polo envellecemento dela.

2. A declaración como prioritario dun proxecto agrario corresponderalle ao Consello da Xunta, por proposta da consellaría competente en materia agraria.

3. Os proxectos que en virtude desta lei se declaren prioritarios terán dereito de preferencia para a dispoñibilidade dos predios integrantes do Banco de Terras de Galicia."

Emenda nº25, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir a Exposición de motivos.

Emenda nº26, de Modificación. Exposición de motivos

Débase substituír o texto polo seguinte:

"Nas últimas décadas en Galiza produciuse un cambio na agricultura que provocou o paso dun modelo de explotación familiar de escasa dimensión a outro no que, aínda existindo pequenas explotacións, hai unha maior relevancia das explotacións orientadas ao mercado. Isto provocou unha forte redución do número de explotacións e, en moitos casos, o abandono, con escasa transferencia da súa base territorial. Este abandono tradúcese nunha continua redución da superficie agraria útil, con consecvente perda de riqueza de interese social e público que a nosa nación non se pode permitir.

Galiza sofre un progresivo descenso da súa superficie agraria útil que nas dúas últimas décadas se traduciu na perda de 200.000 hectáreas o que nos sitúa conta escasamente coa metade da superficie agraria útil fronte á media dos países máis avanzados do noso entorno.

Por iso, un dos obxectivos principais dunha lei de mobilidade de terras debe ser o de evitar o incremento dos predios abandonados e polo tanto o de manter a súa superficie agraria útil.

Hai que ter en conta que existe unha demanda por parte de explotacións que permanecen no sector e que precisan ampliar a base territorial das súas unidades produtivas para garantir a súa viabilidade. Isto fai preciso que se articulen medidas para mobilizar as superficies agrarias útiles hoxe improdutivas para mellorar as condicións de viabilidade económica das explotacións existentes e que se convertan nun factor de riqueza colectiva.

É pois o obxectivo básico desta lei establecer instrumentos que favorezan o mantemento da capacidade produtiva da terra evitando a perda de superficie agraria útil e a recuperación para a actividade da que se perdeu nas últimas décadas."

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 17/06/2011 13:40:12

Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/06/2011 13:40:20

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MOBILIDADE DE
TERRAS (NUM. EXPE. 08/PL-0029).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 1

No primeiro parágrafo, despois de: "... aplicación. ..." débese engadir o seguinte texto: "... priorizando os fins agrarios e gandeiros que permitan resolver o problema da necesidade e de acceso á terra das persoas labregas titulares de explotacións agrogandeiras a partir do mellor aproveitamento das superficies agrarias improdutivas de xeito sostible."

Emenda nº2, de Supresión. Artigo 3

No punto 1), débese suprimir dende a primeira liña onde di: "..., ou dereito real ...". ata a terceira liña, onde di: "... allea, ..."

Emenda nº3, de Modificación. Artigo 3

No punto 7 do artigo 3, na primeira liña, débense substituír as palabras: "... agricultor e agricultora ...", pola seguinte expresión: "... persoa agricultora ..."

Emenda nº4, de Modificación. Artigo 3

No punto 10 do artigo 3, liña 5, a expresión: "... e que non propicien a aparición do lume, ...", débese substituír pola seguinte: "..., e que non supoña risco de lume e contribúan á prevención de incendios e eviten ..."

Emenda nº5, de Adición. Artigo 4

No punto 1 do artigo 4, liña 7, despois de: "... Banco de Terras, ...", débese engadir o seguinte: "... mediante a formalización do encargo de mediación entre a entidade xestora e a persoa titular do predio, ...,"

Emenda nº6, de Adición. Artigo 4

No artigo 4, liña 8, despois de: "... a súa cesión ...", débese engadir o seguinte: "... do uso e do aproveitamento deles a terceiras persoas, ..."

Emenda nº7, de Adición. Artigo 5

No artigo 5, punto 1) letra a), na terceira liña despois de:"... Galicia. ...", Débese engadir o seguinte texto: "..., así que transcorra un ano dende que o acordo de concentración sexa firme, agás as terras que teñan outro destino. ..."

Emenda nº8, de Modificación. Artigo 5

No artigo 5, punto 1, letra c) a expresión: "... ceda para a súa mediación, ...", débese substituír pola seguinte; "... a través da formalización do encargo de mediación entre, ..."

Emenda nº9, de Modificación. Artigo 5

No artigo 5, letra c), 5ª liña, débese substituír a expresión "... á ...", pola seguinte: "... é a ..."

Emenda nº10, de Adición. Artigo 5

No artigo 5, punto 3, ao final da 5ª liña, despois de "... a cesión do ...", débese engadir: "... seu ..."

Emenda nº11, de Adición. Artigo 6

No artigo 6 despois do punto 1), débese engadir o seguinte parágrafo:

"Salvo que se xustifique debidamente a necesidade de desenvolvemento doutras aptitudes e destinos distintos aos agrarios, priorizaranse os fins agrarios e gandeiros, co fin de permitir o redimensionamento das explotacións e a ampliación da súa base territorial que permita resolver o problema de necesidade e de acceso á terra das persoas labregas titulares de explotacións agrogandeiras, así coma a conservación das condicións ambientais dos predios rústicos e á prevención de incendios forestais mediante o mellor aproveitamento das superficies agrarias improdutivas de xeito sostible."

Emenda nº12, de Adición. Artigo 6

No artigo 6, punto 2., letra b), engadir in fine o seguinte texto; "..., favorecendo as condicións das explotacións dirixidas ou explotadas maioritariamente por mulleres, que sexan titulares ou cotitulares delas, e da primeira instalación destas."

Emenda nº13, de Adición. Artigo 6

No artigo 6, punto 2., letra c), na terceira liña despois de: "... soliciten ...", débese engadir a seguinte expresión: "... e xustifiquen ..."

Emenda nº14, de Modificación. Artigo 6

No artigo 6, punto 2, letra d) na última liña, débese substituír a expresión: "...logo do informe do órgano competente na materia ...", polo seguinte texto; "... declarada polo órgano competente na materia e logo do seu informe favorable."

Emenda nº15, de Modificación. Artigo 6

No artigo 6, punto 2, letra e), a expresión: "... se establecerá regulamentariamente.", Débese substituír polo seguinte texto;

"...naqueles predios que sexan clasificados de vocación forestal polo órgano competente e segundo o que estableza a lexislación vixente en materia de montes."

Emenda nº16, de Adición. Artigo 6

Adición dunha nova letra g bis) no artigo 6, punto 2., que quedará redactado co seguinte contido:

"g) bis O establecemento de novos asentamentos, fundamentalmente nas zonas rurais mais afectadas polo envellecemento ou o despoboamento."

Emenda nº17, de Adición. Artigo 6

Adición dunha nova letra g) ter, no punto 2., do artigo 6, que terá o seguinte contido:

"g) ter. i) Ampliar e mellorar a dotación da base territorial produtiva dos proxectos agrarios prioritarios, entre os que se inclúan aqueles que :

ii. Impulsen a creación ou ampliación da base territorial de cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, sociedades agrarias de transformación, sociedades mercantís e outras asociacións e entidades legalmente constituídas, sempre que sexa para actividades agrarias e gandeiras.

iii. Contribúan ao establecemento de novos asentamentos nas zonas gravemente afectadas polo envellecemento da poboación e o abandono no rural, as zonas de alta e media montaña e as declaradas zonas desfavorecidas ou especialmente vulnerables.

iv. Faciliten a ampliación ou implantación de explotacións con dimensións e estruturas favorables para a xeración e o mantemento do emprego, en especial das persoas mozas e das mulleres.

v. Promovan a conservación das especies e variedades autóctonas nos ámbitos agrícola, gandeiro e forestal, que promovan a agricultura e a gandeiría ecolóxicas, así como o

fomento dos sistemas de produción en réxime extensivo, e o asentamento de explotacións con sistemas de produción sustentables, que contribúan ao mantemento da biodiversidade e á protección medioambiental e paisaxística e á prevención de incendios forestais, ligados ao compromiso de mantemento da actividade agraria e que contribúan a xerar emprego no rural."

Emenda nº18, de Adición. Artigo 7

Na sexta liña do artigo 7, despois de: "... terse producido, ...", débese engadir o seguinte: "... a disposición das persoas interesadas que o soliciten ...".

Emenda nº19, de Modificación. Artigo 8

Proponse unha nova redacción para o artigo 8, que terá o seguinte contido:

"Á entidade xestora do Banco de Terras de Galicia atribúeselle como propia a competencia para a xestión do Banco de Terras de Galicia. A entidade xestora do Banco de Terras de Galicia será a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), creada pola disposición adicional 6ª da Lei 5/2000, de 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo."

Emenda nº20, de Supresión. Artigo 9

No punto 1., do artigo 9, débese suprimir a seguinte expresión: "... á que se lle atribúa como propia a devandita competencia:"

Emenda nº21, de Adición. Artigo 9

No artigo 9, punto 1., letra b) débese engadir in fine o seguinte texto:

"..., tal que se prioricen os usos agrarios e gandeiros co fin de permitir o redimensionamento das explotacións e a ampliación da súa base territorial, así como a conservación das condicións ambientais dos predios rústicos e a prevención de incendios forestais.

A entidade xestora promoverá e fomentará a integración e xestión conxunta dos predios con vocación agraria con escasas dimensións, e en todo caso aqueles cunha superficie inferior a unha hectárea, incorporados ao Banco de Terras de Galicia, co fin de promover a reorganización da propiedade e a agrupación de parcelas que permita fomentar a súa cesión temporal a terceiras persoas para fins agrarios e gandeiros, que requirirá, de ser o caso, o consentimento expreso das persoas titulares dos predios."

Emenda nº22, de Modificación. Artigo 9

Na letra c) do punto 1, do artigo 9, a expresión: "... calquera negocio xurídico válido en dereito ...", débese substituír pola seguinte: "... o correspondente contrato de arrendamento ..."

Emenda nº23, de Modificación. Artigo 9

Na letra d), aliña ii, punto 1, do artigo 9, a letra: "... o ...", débese substituír por: "... ou ..."

Emenda nº24, de Adición. Artigo 9

Adición dun novo punto 1 bis), que terá o seguinte contido:

"1 bis) Nos Orzamentos da Comunidade Autónoma deberase incluír a dotación orzamentaria necesaria para o desenvolvemento das funcións da entidade xestora correspondentes á competencia para a xestión do Banco de Terras de Galicia, e para a dotación dos medios humanos, técnicos e materias necesarios."

Emenda nº25, de Modificación. Artigo 10

Propónse unha nova redacción para o artigo 10, que terá o seguinte contido:

"As funcións de dirección e execución da actividade de inspección e control dos predios que se pretendan incorporar ou incorporados ao Banco de Terras de Galicia, atendendo con prioridade a aqueles predios situados nas zonas de actuación agraria prioritaria e aqueles ao respecto dos proxectos agrarios prioritarios, estean ou non cedidos a terceiros, co fin de comprobar a súa adecuación ás condicións establecidas nesta lei e ás normas que a desenvolvan, e garantir a preservación do contorno e das condicións agroambientais, serán desempeñadas por persoal propio da entidade xestora e por funcionarios e funcionarias da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia da consellaría competente en materia de agricultura."

Emenda nº26, de Adición. Artigo 10

Adición de dous novos parágrafos, que terán o seguinte contido:

"Así mesmo, desenvolverán actuacións de control e de inspección, así como de denuncia diante do órgano competente, do cumprimento do establecido en materia de ordenación preventiva do terreo forestal e ordenación das repoboacións forestais segundo os artigos 25 e 26 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e da normativa existente ao efecto.

Desenvolverán actuacións de control e inspección e de denuncia diante do órgano competente daquelas accións que supoñan o incumprimento do establecido na normativa en materia de concentración parcelaria, nomeadamente no que respecta ao coidado e ao cultivo dos novos predios entregados, resultantes do proceso de concentración parcelaria, conforme á súa capacidade agrolóxica e ao aproveitamento axeitado dos seus recursos, o cambio do uso da terra clasificada como labradío ou prado e o cumprimento do plan de ordenación de aproveitamento de cultivos ou forestal."

Emenda nº27, de Adición. Artigo 11

No punto 4., segunda liña despois de: "... titular do predio,...".
Débese engadir a seguinte expresión: "... por un prazo máximo de 5 anos. ..."

Emenda nº28, de Modificación. Artigo 11

O punto 5 do artigo 11, débese substituír polo seguinte texto:

"O encargo de mediación entre a entidade xestora e a persoa titular do predio formalizárase mediante un contrato que se desenvolverá de xeito regulamentario no prazo máximo de catro meses, e que fixará entre outras cuestións as condicións, normas e o procedemento para a formulación do contrato de encargo de mediación. Nas normas que desenvolvan esta lei regularase tamén a posibilidade de suspensión temporal de solicitudes de encargos de mediación.

A cesión do uso e do aproveitamento formalizárase mediante un contrato de arrendamento como principal fórmula de cesión, de acordo con modelos normalizados establecidos e facilitados pola entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, onde se incluírán as condicións, normas e especificacións que rexerán, os dereitos e obrigas das partes, segundo estableza a nosa lexislación especial, as causas e os efectos de resolución do contrato.

Calquera outra figura para a formalización do contrato de cesión do uso e do aproveitamento deberase xustificar de xeito expreso e desenvolverase regulamentariamente nun prazo máximo de 4 meses.

Ditos modelos normalizados poderán ser modificados para adaptalos aos pactos libremente establecidos entre as partes."

Emenda nº29, de Adición. Artigo 11

Engadir in fine, no punto 6, primeiro parágrafo o seguinte texto:
"A aceptación da revogación do encargo de mediación

deberaselle comunicar de xeito expreso ao titular do predio nun prazo non superior a un mes."

Emenda nº30, de Modificación. Artigo 11

No segundo parágrafo do artigo 11, punto 6, onde di: "... terceiros, ...", débese substituír pola seguinte expresión: "... terceiras persoas ..."

Emenda nº31, de Supresión. Artigo 11

o Punto 9 do artigo 11, débese suprimir

Emenda nº32, de Modificación. Artigo 13

No punto 1 do artigo 13, última liña, débese substituír a expresión: "... terceiros." por. "... a persoas terceiras."

Emenda nº33, de Adición. Artigo 13

No punto 2 do artigo 13, engadir in fine o seguinte texto: "... cunha antelación mínima de 30 días naturais, agás supostos de forza maior ou outras circunstancias imprevisibles, que se deberán comunicar á maior brevidade posible."

Emenda nº34, de Modificación. Artigo 13

No punto 4, do artigo 13, primeiro parágrafo, dende: "... do importe a aboar ...", ata o final que di: "... por gastos de xestión.", débese substituír polo seguinte texto: "... a revogación non surtirá efectos nin prexudicarán á entidade xestora nin ás terceiras persoas ás que se lles tivese cedido o uso e aproveitamento do predio con vocación agraria ata a extinción da cesión."

Emenda nº35, de Adición. Artigo 13

No punto 5 do artigo 13, débese engadir in fine o seguinte texto: "..., e implicarán a subrogación do contrato de cesión coas terceiras persoas."

Emenda nº36, de Modificación. Artigo 14

Propónse unha nova redacción para a letra b) do punto 1, do artigo 14, que terá o seguinte contido:

" b) Os predios con vocación agraria descritos nas letras c), d) e e) do artigo 5.1, de titularidade de terceiros, xa sexa pública ou privada, poderá ceder a terceiras persoas para o seu uso e aproveitamento, por un tempo que, no caso de predios destinados a fins forestais, non poderá ser superior ao prazo correspondente á quenda da especie forestal empregada, e que se fixará no instrumento de xestión forestal de aplicación segundo o disposto na lexislación vixente en materia de montes. No caso de predios destinados aos restantes destinos sinalados no artigo 6 o prazo máximo será de 5 anos, sen prexuízo do consentimento ao que fai referencia o artigo 18.3. b desta lei."

Emenda nº37, de Adición. Artigo 16

Na letra b) do punto 1, artigo 16, débese engadir in fine a seguinte frase: "... , segundo o informe da Comisión Técnica de Prezos e Valores."

Emenda nº38, de Adición. Artigo 16

Na letra c), punto 1, do artigo 16, última liña, despois de: "... acredítala e o ...". débese engadir a seguinte expresión: "... compromiso do ..."

Emenda nº39, de Adición. Artigo 16

Na letra e) do punto 1, do artigo 16, despois de: "... depósito previo ...", débese engadir: "... do vinte por cento do prezo tipo ..."

Emenda nº40, de Adición. Artigo 16

Na letra f) do punto 1, do artigo 16 débese engadir in fine, o seguinte texto: "..., que serán públicos e estableceranse de xeito obxectivo tendo en conta as prioridades que se establecerán ao respecto dos obxectivos establecidos no artigo 6.2 desta lei. A realización da poxa deberase anunciar no Diario Oficial de Galicia cunha antelación mínima de trinta días hábiles."

Emenda nº41, de Adición. Artigo 16

No punto 2, do artigo 16, débese engadir in fine a seguinte expresión: "... no prazo máximo de 4 meses."

Emenda nº42, de Adición. Artigo 17

Na letra b), do punto 1, do artigo 17, penúltima liña, despois de: "... logo do informe ...", débese engadir a seguinte palabra: "... favorable ..."

Emenda nº43, de Adición. Artigo 17

No punto 1, do artigo 17, débese engadir unha nova letra c) bis), que terá o seguinte contido: "c) bis, Acceso ás terras por parte de persoas labregas que sofren violencia e que tivesen que abandonar a súa casa e as súas terras pola violencia de xénero."

Emenda nº44, de Adición. Artigo 17

No punto 2 do artigo 17, segunda liña, despois de: "... Xunta de Galicia, ...", débese engadir o seguinte: "... segundo o informe da Comisión Técnica de Prezos e Valores, ..."

Emenda nº45, de Adición. Artigo 17

No punto 3, do artigo 17 débese engadir in fine o seguinte: "... sempre que se cumpra o establecido na letra b), do punto 1 do presente artigo."

Emenda nº46, de Adición. Artigo 18

No punto 1 do artigo 18, penúltima liña, despois de: "... válido en dereito. ...", débese engadir o seguinte: "... segundo o establecido no artigo 11 desta lei. ..."

Emenda nº47, de Adición. Artigo 18

Na letra d) do punto 1 do artigo 18, débese engadir in fine o seguinte texto: "..., que se establecerán de xeito regulamentario e obxectivo tendo en conta as prioridades ao respecto dos obxectivos establecidos no artigo 6,2 desta lei."

Emenda nº48, de Modificación. Artigo 18

O punto 3, do artigo 18, debe comezar do seguinte xeito: "... O contrato de cesión será formalizado ..."

Emenda nº49, de Adición. Artigo 18

No segundo parágrafo da letra b), do punto 3, do artigo 18, segunda liña, despois de: "... beneficiaria da cesión ...", débese engadir o seguinte: "... incluídas as prorrogas ou renovacións, ..."

Emenda nº50, de Adición. Artigo 18

No punto 3, letra b) do artigo 18, débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido: A cesión do predio pola entidade xestora do do Banco de Terras de Galicia a terceiras persoas beneficiarias da cesión, así como as sucesivas prórrogas, deberanlle ser comunicadas para o seu coñecemento, de ser o caso, á persoa titular do predio cunha antelación mínima dun mes antes da entrada en vigor do contrato suscrito."

Emenda nº51, de Adición. Artigo 18

Na letra c) do artigo 18, punto 3, despois de: "... as causas ...", débese engadir a seguinte expresión: "... e os efectos ..."

Emenda nº52, de Adición. Artigo 18

Na letra c) do artigo 18, punto 3, débese engadir in fine o seguinte texto; "..., ou a caducidade, así como a acreditación ou compromiso do destino dos predios obxecto da cesión segundo o establecido no artigo 6 desta lei."

Emenda nº53, de Adición. Artigo 18

No punto 7 do artigo 18, na primeira liña, despois de: "... Banco de Terras ...", débese engadir o seguinte: "... con cargo aos seus orzamentos ou ..."

Emenda nº54, de Modificación. Artigo 18

No punto 7 do artigo 18, terceira liña, en vez de: "... terceiros ...", débe dicir: "... terceiras persoas ..."

Emenda nº55, de Adición. Artigo 18

No punto 7 do artigo 18, débese engadir in fine o seguinte texto: "... , tal que se prioricen os fins agrarios e gandeiros, co fin de mellorar as condicións agronómicas dos predios, segundo os obxectivos e funcións establecidos nos artigos 6 e 9 desta lei."

Emenda nº56, de Adición. Artigo 19

No punto 1 do artigo 19, terceira liña, despois de: "... prezo ...", débese engadir a seguinte palabra: "... mínimo ..."

Emenda nº57, de Adición. Artigo 19

No punto 1, do artigo 19, débese engadir in fine o seguinte texto; "... independentemente do cumprimento ou non da relación contractual pola persoa beneficiaria da cesión ..."

Emenda nº58, de Adición. Artigo 19

No punto 2 do artigo 19, débese engadir in fine a seguinte expresión: "... pola persoa titular do predio."

Emenda nº59, de Adición. Artigo 19

No punto 2 do artigo 19, débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido: "Calquera das partes, agás pacto expreso en contrario, poderá realizar as melloras útiles das que sexa susceptible o predio segundo o seu destino, e as obras e reparacións necesarias co fin de manter o predio nas condicións para o seu aproveitamento ou explotación de acordo co destino para o que foi cedido, previa comunicación á outra parte e autorización expresa para a execución das obras ou melloras, sen dereito por parte da terceira persoa beneficiaria, de ser o caso, a percibir indemnización algunha ou rebaixa na renda pola realización destas."

Emenda nº60, de Modificación. Artigo 19

No artigo 19, débese engadir un novo punto 2 bis) que terá o seguinte contido:

" 2 bis) . As causas e procedemento para a resolución das cesións outorgadas pola entidade encargada da xestión do Banco de Terras sobre os bens integrados no Banco de Terras de Galicia poderán ser resoltas logo de tramitación de expediente contradictorio, con audiencia da persoa beneficiaria da cesión, no que se acredite a existencia dalgunha das causas de resolución previstas na normativa reguladora do negocio xurídico de que se trate. Serán ademais causas de resolución:

a) O incumprimento do destino do predio ou do seu uso e aproveitamento especificado no contrato de cesión segundo o previsto no artigo 6 desta lei.

b) A declaración firme do predio en estado de abandono.

c) As actuacións e a utilización dos predios sen contar cos permisos e autorizacións establecidas na normativa vixente.

Será competente para a tramitación do expediente a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia. Antes da declaración de resolución, ofreceráse á persoa beneficiaria da cesión a posibilidade de cumprir as súas obrigas no prazo que se determine previamente durante a tramitación do devandito expediente contradictorio.

No acordo que declare resolta a cesión, efectuarase a liquidación con dedución dos danos e das perdas existentes no predio, fixando regulamentariamente un prazo e un proceder para realizar o desaloxo, que non poderá ser superior a dous meses e comezará a contar ao día seguinte ao da recepción da notificación de non existir colleita pendente e, de existir, ao do seguinte a ser recollida."

Emenda nº61, de Modificación. Artigo 24

No punto 1 do artigo 24, segunda liña, onde di: "... poderán ...", debe dicir: "... deberá ..."

Emenda nº62, de Adición. Artigo 24

No punto 1 do artigo 24 débese engadir in fine o seguinte texto: "... tal que se prioricen os usos agrarios e gandeiros co fin de permitir o redimensionamento das explotaicóns e a ampliación da súa base territorial."

Emenda nº63, de Adición. Artigo 24

No punto 1 do artigo 24, débense engadir os seguintes novos parágrafos:

"Para tal fin deberá promover e fomentar a integración e a xestión conxunta dos predios con vocación agraria con escasas dimensións, e en todo caso aqueles cunha superficie inferior a unha hectárea, incorporados ao Banco de Terras de Galicia, co fin de promover a reorganización da propiedade e a agrupación de parcelas que permita fomentar a súa cesión temporal a terceiras persoas para fins agrarios e gandeiros, que requirirá, de ser o caso, o consentimento expreso das persoas titulares dos predios.

Priorizaranse as actuacións naqueles predios para o seu destino para fins agrarios e gandeiros nas Zonas de actuación agraria prioritaria e aqueles que permitan a ampliación ou dotación de base territorial ao respecto dos proxectos agrarios prioritarios.

Nos orzamentos da Comunidade autónoma incluírase a dotación orzamentaria necesaria e os recursos humanos e os medios técnicos e materiais para o cumprimento de tales finalidades."

Emenda nº64, de Adición. Artigo 24

No artigo 24 débese engadir un novo punto 3 bis), que terá o seguinte contido:

3 bis) A consellaría competente poderá establecer convenios con outras Administracións, ou institucións titulares de bens susceptibles de aproveitamento agrario co fin de que poidan incorporarse ao Banco de Terras de Galicia para o cumprimento dos seus fins."

Emenda nº65, de Adición. Artigo 24

Adición dun novo punto 3 ter, no artigo 24, que terá o seguinte contido:

"3 ter) 5. A consellaría competente poderá establecer incentivos para os propietarios non agrarios para a posta a disposición do Banco de Terras de Galicia das súas terras de cultivo que permitan nutrir o Banco de Terras co fin de acadar os seus obxectivos."

Emenda nº66, de Adición. Artigo 27

No punto 1 do artigo 27, terceira liña, despois de: "... prezos e valores ...", débese engadir a seguinte expresión: "... elaborado polos servizos técnicos agrarios ..."

Emenda nº67, de Modificación. Artigo 29

Na letra c) do artigo 29, quinta liña, a expresión "... e que non propicien a ...", debe de substituírse pola seguinte: "... que non presenten risco de ..."

Emenda nº68, de Supresión. Artigo 29

Na letra d) do artigo 20 débese suprimir dende: "... salvo ...", ata o final do parágrafo.

Emenda nº69, de Adición. Artigo 29

No artigo 29 débese engadir unha nova letra e) bis, que terá o seguinte contido:

e) bis, Os predios en situación de barbeito nos que houbo cultivo na campaña agrícola anterior e na actual están en descanso sen ter ningún aproveitamento agrogandeiro, ou aqueles nos que houbo cultivo na campaña agrícola anterior ou estiveron a barbeito, e na actual non teñen cultivo agrícola pero teñen aproveitamento gandeiro, normalmente mediante pastoreo, sempre que a súa situación non favoreza os fenómenos de erosión ou presente risco de aparición de lume, así como invasión de malas herbas, pragas ou enfermidades que representen prexuízo para os lindeiros."

Emenda nº70, de Modificación. Artigo 33

Na letra b) do artigo 33, débese substituír dende: "... no que constará ...", ata o final onde di: "... nesta lei.", polo seguinte texto: "... en favor dunha persoa agricultora profesional ou moza, no que constará de xeito expreso o compromiso de mantemento durante un período mínimo de 5 anos do destino agrario dos predios."

Emenda nº71, de Adición. Artigo 35

No punto 1 do artigo 35, débese engadir in fine o seguinte texto: "... priorizando os predios situados nas Zonas de actuacións agraria prioritaria e aqueles ao respecto dos proxectos agrarios prioritarios."

Emenda nº72, de Adición. Artigo 35

No punto 1, do artigo 35, débense engadir dous novos parágrafos que terán o seguinte contido:

"Así mesmo, a consellaría competente en materia de agricultura, desenvolverá actuacións de control e de inspección, así como de denuncia diante do órgano competente, do cumprimento do establecido en materia de ordenación preventiva do terreo forestal e ordenación das repoboacións forestais segundo os artigos 25 e 26 da Lei

3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e da normativa existente ao efecto.

Desenvolverá tamén actuacións de control e inspección e de denuncia diante do órgano competente daquelas accións que supoñan o incumprimento do establecido na normativa en materia de concentración parcelaria, nomeadamente no que respecta ao coidado e o cultivo dos novos predios entregados resultantes do proceso de concentración parcelaria, conforme á súa capacidade agrolóxica e ao aproveitamento axeitado dos seus recursos, o cambio do uso da terra clasificada como labradío ou prado e o cumprimento do plan de ordenación de aproveitamento de cultivos ou forestal."

Emenda nº73, de Adición. Artigo 37

No artigo 37, punto 1, débese engadir un novo punto e) bis, que terá o seguinte contido:

"e) bis, Calquera outro incumprimento das obrigas establecidas nesta lei que non estea tipificado como infracción grave ou moi grave."

Emenda nº74, de Modificación. Artigo 42

No punto 3, do artigo 42, a palabra: "... infractor ...", débese substituír pola seguinte expresión: "... da persoa responsable da infracción ..."

Emenda nº75, de Modificación. Artigo 47

Proponse unha nova redacción para o punto 1, do artigo 47, que terá o seguinte contido:

"1. O Consello da xunta, a proposta do organismo competente en materia de desenvolvemento rural, poderá identificar e declarar zonas de actuación agraria prioritaria, previa proposta ao Consello Agrario Galego, que serán zonas de actuación intensiva en función dos seus especiais valores agrarios ou medioambientais, que poderán apoiarse nos límites parroquiais

(e poderán incluír unha ou varias parroquias) e serán obxecto dun plan integral de xestión de terras e de desenvolvemento territorial co contido, alcance e procedemento de elaboración e execución que se estableza no correspondente decreto de declaración."

Emenda nº76, de Modificación. Artigo 47

O contido do punto 2 do artigo 47, débese substituír polo seguinte texto:

"2. Os criterios que determinarán a declaración como zonas de actuación agraria prioritaria pola consellaría competente en materia de desenvolvemento rural son os seguintes: as condicións edafoclimáticas, a orografía, os usos actuais e evolución pasada, os valores cul-turais asociados a estruturas e usos, o grao de aproveitamento agrario do solo; a repercusión da actividade agraria nos índices económicos da zona; a cantidade de terra con valor produtivo e as características e potencialidade dos terreos, a alta produtividade agrícola e gandeira posta de manifesto polo número de explotacións agrícolas, gandeiras e forestais existentes, e a consideración dos distintos aproveitamentos forestais (madeira, froitos e pastos, entre outros), promovendo, entre outras, a produción forestal sustentable, os plans de mellora solicitados , e a incorporación de persoas mozas a actividade agrogandeira, ás zonas que foron obxecto de concentracións parcelarias ou que tendo en conta estes criterios poidan selo no futuro; as outras actividades agrarias presentes na área, a calidade paisaxística, as funcións ecolóxicas e a prevención de riscos ambientais, nomeadamente os incendios forestais e os anegamento; así como as necesidades de terra agraria das explotacións, o grao de abandono da terra e o grao de despoboamento e envellecemento da poboación."

Emenda nº77, de Adición. Artigo 47

No punto 4 do artigo 47, débese engadir in fine, o seguinte texto:

"..., e de ser o caso, teranse en conta á hora de facer a valoración da superficie obxecto de expropiación naquelas

zonas declaradas de actuación agraria prioritarias, as condicións e circunstancias que estableza o necesario estudio de impacto sobre a actividade agraria."

Emenda nº78, de Adición. Artigo 47

No artigo 47, débese engadir un novo punto 4 bis, que terá o seguinte contido:

"4) bis) As zonas de actuación agraria prioritaria serán prioritarias á hora de realizar melloras e reformas das estruturas rurais e desenvolver accións a fin de promover a xestión sustentable das terras , así coma a integración e xestión conxunta dos predios co fin de promover a reorganización da propiedade e a agrupación de parcelas nos termos establecidos nesta lei, e serán obxecto de execución de plans integrais de xestión de terras e de desenvolvemento territorial segundo o que establece o punto 1 deste artigo.

O contido básico dos plans de xestión de terras e de desenvolvemento territorial incluírá aquelas actuacións, que permitan acadar unha mellor integración territorial, nun ou varios dos seguintes ámbitos: as actuacións de xestión de terras como concentracións parcelarias, ordenación de cultivos, regulación e ordenación de usos, as condicións que permitan o cambio de usos, a reorganización parcelaria, a implantación, recuperación, mantemento, ampliación e diversificación de actividades produtivas no eido agrogandeiro e forestal, que permita xerar, diversificar e manter o emprego na zona, a dinamización multisectorial e o mellor aproveitamento dos recursos e potencialidades endóxeas, o desenvolvemento sustentable de actividades agrícolas, gandeiras e forestais, aquelas tendentes á mellora e pro-tección ambiental e a restauración paisaxística, o mantemento da biodiversidade, a mitigación e adaptación aos riscos ambien-tais, en especial aos incendios forestais, a dotación e mellora das infraestruturas viarias, abastecementos e saneamentos de auga, acceso ás novas tecnoloxías da comunicación e da información, a xestión de residuos que reduza a contaminación, a dotación de equipamentos e servizos comunitarios, a prestación e dotación de servizos á poboación ligados a actividades de igualdade, dependencia e discapacidade e benestar da poboación, promoción do acceso á vivenda, subministro de enerxía eléctrica, e calquera outro que permita a dinamización socioeconómica da zona e o desenvolvemento rural con criterios de sostibilidade, optimizando e coordinando

as diferentes actuacións promovidas polas diferentes administracións sectoriais con competencias en materias no ámbito do medio rural cunha visión máis ampla e integral do territorio."

Emenda nº79, de Adición. Artigo 47

Débase engadir un novo artigo 47 bis) que terá o seguinte contido:

1. Poderán ser declarados proxectos agrarios prioritarios aqueles que promovan a mellora ou a dotación da súa base territorial productiva aqueles nos que concorran algunha das seguintes condicións:

a) Impulsen a creación ou ampliación da base territorial de cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, sociedades agrarias de transformación, sociedades mercantís e doutras asociacións e entidades legalmente constituídas, sempre que sexa para actividades agrarias e gandeiras.

b) Contribúan ao establecemento de novos asentamentos ou a fixación de poboación nas zonas gravemente afectadas polo envellecemento da poboación e o abandono no rural, nas zonas de alta e media montaña e as declaradas zonas desfavorecidas ou especialmente vulnerables.

c) Faciliten a ampliación ou implantación de explotacións con dimensións e estruturas favorables para a xeración e o mantemento do emprego, en especial das persoas mozas e das mulleres .

d) Promovan a conservación das especies e variedades autóctonas nos ámbitos agrícola, gandeiro e forestal , que promovan a agricultura e a gandeiría ecolóxicas, así coma o fomento dos sistemas de produción en réxime extensivo, e o asentamento de explotacións con sistemas de produción sustentables, que contribúan ao mantemento da biodiversidade e á protección medioambiental e paisaxística e á prevención de incendios forestais, ligados ao compromiso de mantemento da actividade agraria e que contribúan á xeración de emprego no rural.

2. A declaración dos proxectos agrarios prioritarios correspóndelle ao Consello da Xunta por proposta da Consellaría competente en materia agraria e ou forestal, cando o proxecto sexa desa natureza.

3. Os proxectos declarados como proxectos agrarios prioritarios, segundo o establecido nesta lei, terán dereito de preferencia para a dispoñibilidade dos predios integrantes do

Banco de Terras de Galicia, ligados ao compromiso de mantemento da actividade agraria por un período mínimo de 5 anos, e serán beneficiados de xeito prioritario á hora de realizar melloras e reformas das estruturas rurais e desenvolver accións co fin de promover a xestión sustentable das terras nos termos que establece esta lei."

Emenda nº80, de Adición. Artigo 47

No punto 1 do artigo 47, débense engadir dous novos parágrafos, que terán o seguinte contido:

"Poderáse instar as restantes entidades con competencias en materias no ámbito rural a fin de que poidan establecerse fórmulas de colaboración para a elaboración e execución dos plans integrais de xestión nas zonas de actuación agraria prioritarias.

O Consello da Xunta a proposta do organismo competente en materia de desenvolvemento rural, poderá establecer e declarar a ampliación dos perímetros ou contornos nas zonas de actuación agraria prioritaria, que permita conservando as condicións agroambientais a partir do aproveitamento sostible das superficies agrarias improdutivas, o redimensionamento das explotacións e a ampliación da súa base territorial, co fin de resolver o problema de necesidade e de acceso á terra das persoas labregas titulares de explotacións agrogandeiras, manter e xerar emprego no medio rural e evitar o abandono e acadar os obxectivos e fins que establece esta lei segundo o establecido no punto 2 do artigo 6."

Emenda nº81, de Supresión. Disposición adicional única

Débese suprimir

Emenda nº82, de Supresión. Disposición transitoria segunda

Débese suprimir

Emenda nº83, de Adición. Disposición derradeira segunda

Na disposición derradeira segunda, débese engadir in fine o seguinte texto: "..., no prazo máximo de catro meses a partir da entrada en vigor desta lei."

Emenda nº84, de Modificación. Exposición de motivos

Proponse unha nova redacción para a exposición de motivos que quedará que terá o seguinte contido:

"A Lei 7/2007, de 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, tiña como principal obxectivo no seu desenvolvemento o de mobilizar a superficie con aptitude agraria improdutivo, de xeito que se facilitase o redimensionamento das explotacións agro-gandeiras, así como ampliar a súa base territorial co obxectivo de mellorar a súa eficacia produtiva obtendo produtos de calidade e respectando o medio ambiente. Así mesmo tamén se pretendía coa mesma, poñer en valor o territorio rural galego, que debido o avance do abandono do mesmo se estaba volvendo improdutivo, perdéndose desta maneira riqueza tanto vital como económica. A Lei 7/2007 fai tamén fincapé na importancia da conservación dos predios en boas condicións agronómicas de cara a diminuír o risco de incendios e mellorar a eficacia en canto a prevención dos lumes, así como a protección dos bens naturais e patrimoniais. En suma, o fin último da lei era frear a perda de superficies de aptitude agraria en Galicia coa intención de aumentar a riqueza do país a través da posta en valor daquelas terras que contan con esa aptitude, contribuír a manter o medio rural vivo e mellorar a súa calidade medioambiental.

Logo de dous anos de actividade do Banco de Terras de Galicia cómpre, tendo en conta a experiencia adquirida neste período, o desenvolvemento dunha nova lei que permita mellorar os mecanismos co fin de acadar os seus fins e obxectivos.

Outros aspectos de contido estrutural e temático non contemplados na Lei 7/2007, do 21 de maio, deben ser considerados, tendo en conta unha visión integral do territorio e dos predios rústicos de Galicia, xustificadas pola necesidade de desenvolvemento doutras aptitudes e destinos distintos aos agrarios, aínda que priorizando os fins agrarios e gandeiros.

Por isto, e debido a importancia conceptual dos cambios propostos con respecto a Lei mencionada, crese necesario aprobar un norma que regule, xa non so as accións do Banco de Terras, senón as políticas de mobilidade da mesma na comunidade Autónoma de Galicia. Así, aínda que se manteñen aspectos importantes da antedita Lei 7/2007, do 21 de maio, optouse pola opción de derogala e aprobar un novo texto normativo que facilite a comprensión da norma, como opción de técnica lexislativa mais adecuada para achegar o contido das normas aos seus destinatarios.

A organización integral e multifuncional do territorio de Galicia, caracterizado este por ser dunha gran complexidade froito das múltiples decisións tomadas sobre parcelas de moi reducido tamaño orixina escenarios onde se combinan diferentes usos do solo en espazos moi reducidos. Outro factor importante é a socioloxía galega, da que destaca o apego a terra, a consideración desta como un valor refuxio para momentos de crise, a ausencia de moitos propietarios do medio rural e o abandono e descoñecemento da propiedade de moitos predios rústicos.

Baixo este enfoque podemos fundamentar a nova da Lei nuns eixes fundamentais: a ampliación da base de actuación territorial e as funcións do Banco de Terras, a capacidade de actuación sobre bens de propietarios descoñecidos, a derogación do dereito de tanteo e retracto, e o fomento de medidas e estímulo que faciliten a incorporación voluntaria de bens ao Banco de Terras por parte dos propietarios .

En canto a ampliación da base de actuación do Banco de Terras, crese imprescindible que este asuma as competencias sobre a xestión íntegra dos predios con vocación agraria.

Desta maneira o Banco de Terras poderá axudar a conservar e a manter o equilibrio natural e a produtividade na totalidade do territorio de Galicia, eliminando as ZEIA que son substituídas por Zonas de actuación agraria prioritaria que, tendo en conta os mesmos criterios que determinan a súa declaración, identifican zonas de actuación intensiva en función dos seus especiais valores agrarios ou medioambientais que permita a elaboración e execución de plans integrais de xestión de terras e de desenvolvemento territorial, que a partir do mellor aproveitamento sostible das superficies agrarias improdutivas permita loitar contra o embellecemento e o éxodo no rural.

A actuación do Banco será imprescindible para fixar poboación no territorio de forma sostible, levando a cabo unha mellora do estado patrimonial dos predios ben sexa por interese agrícola, gandeiro, forestal, medioambiental, ou calquera outro, aínda que priorizando os fins e destinos agrarios e gandeiros, incluso podendo actuar en zonas cualificadas como urbanas pero con

posibilidades de soportar outro tipo de uso. No referente ao uso forestal o Banco de Terras poderá ser un instrumento para realizar labores de xestión como son as de intermediación na cesión das terras, mantemento e conservación, entre outras.

O feito de que o Banco de Terras so poida actuar sobre as fincas cualificadas como SAU (superficie agraria útil), limita o seu potencial de actuación, polo que entendendo o territorio de xeito integral crese necesario, que se inclúan dentro dos potenciais destinos dos bens inscritos no Banco de Terras os citados anteriormente e que o Banco de Terras poida actuar sobre todos aqueles predios que teñan unha clara vocación de ser empregados con finalidade agraria, pero tamén con outros fins ou destinos justificados como a conservación da natureza ou do patrimonio histórico e natural de Galicia, a ordenación de fincas forestais, etc.

O segundo eixe desta modificación é a problemática dos predios de propietarios descoñecidos, debido a riqueza produtiva que aínda poden xerar e as dificultades e perigos potenciais que ocasionan neste momento. Por iso, no marco da necesaria colaboración coa Administración Xeral do Estado, o Banco de Terras deberá acometer a xestión e o uso deles co fin de activar a súa posta en valor e en produción, para o que se deberán establecer fórmulas de colaboración coa Administración Xeral do Estado (AXE) para que delegue as súas facultades en cumprimento da Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, tal que permita unha solución ao estado actual de abandono no que se encontran predios de propietarios descoñecidos, e tendo en conta a superficie rústica que ocupan en Galicia o que se pretende é poder aproveitala dentro das posibilidades de actuación do Banco de Terras.

Por outra banda a presenza na normativa anterior dos dereitos de tenteo e retracto non resulta oportuna no actual contexto, tendo en conta a experiencia de aplicación da Lei 7/2007, do 21 de maio.

Un dos obxectivos fundamentais desta Lei, é a de promover a utilización, por parte das explotacións, da superficie agraria necesaria, a través da dinamización do mercado de cesión temporal da terra, a través do negocio xurídico mais apropiado segundo o caso, e poñendo a disposición dos agricultores os predios con vocación agraria, ou dereitos sobre deles, integrantes do Banco de Terras de Galicia. No proceso de adquisición de propiedades a normativa anterior habilitaba unha serie de instrumentos entre os que se encontraba o dereito de tenteo e retracto nuns determinados supostos.

Esta medida que non foi exercida nin unha soa vez nos anos que leva en vigor a lei, resulta difícil e custosa e a súa xestión

ralentiza o mercado debido aos atrasos que se producen no rexistro da propiedade debido á emisión das renunciadas destes dereitos por parte do Banco de Terras diante da cantidade de solicitudes, que xunto con outros aspectos transversais, ocasiona que o mercado de compra-venda se sinta nalgún caso freado pola burocracia engadida e provoca atrasos nos trámites administrativos da operación, de xeito que o potencial beneficio que suporía a posta no mercado de mercado de cesións temporais, ou venda de fincas adquiridas mediante este procedemento polo Banco de Terras de Galicia perda interese.

Respecto ao fomento da incorporación de predios ao Banco de Terras, é importante que a mobilización das terras se incentive tamén incidindo en medidas estimuladoras sobre os propietarios para ceder os dereitos de cesión temporal ao Banco de Terras de Galicia co fin de poder participar dos beneficios obtidos na actividade agraria, e valorizar o seu patrimonio. Coa nova Lei preténdese que tanto propietarios como potenciais beneficiarios das cesións temporais poidan ampararse nela para conseguir os seus obxectivos de obter rendas, valorizar o patrimonio, ampliar a súa base territorial das explotacións, mellorar a conta de resultados dos agricultores, conservar o medio ambiente e o patrimonio público, previr incendios forestais. Etc.

Para isto o Banco de Terras garantirá uns prezos mínimos de referencia ao propietario que percibirá independentemente do establecido no contrato do Banco de Terras co terceiro beneficiario da cesión, pero non incidirá na percepción que o mercado teña sobre os prezos de cesión temporal dos predios inscritos, deste xeito permítese que sexa o mercado o que determine os prezos das cesións temporais realizadas. Esta medida incentivadora, xunto coas restantes previstas nesta lei, xustificará mellor socialmente a existencia do réxime sancionador da Lei, que será un instrumento de control administrativo e de persuasión sobre propietarios que de forma inxustificada imposibiliten a dinámica no uso da terra non facéndose responsables das súas propiedades e causando perigos aos colindantes e á sociedade como incendios forestais, erosión ou degradación do terreo, pragas ou enfermidades, etc.

Ademais do exposto tamén se favorecen nesta lei actuacións que fomenten o mellor artellamento e a mellor xestión do territorio, como poder condicionar cambios de uso da terra, debidamente definidos e xustificados.

Sempre respectando criterios delimitados noutras leis sectoriais, en función de si o predio ten ou non interese comercial no uso que teña na actualidade.

Tamén se pretende dotar ao Banco de Terras de recursos legais para realizar outras funcións vitais para a dinamización da mobilidade de terras agrarias e incluso para a xestión do territorio rural, posibilitando que o Banco de Terras sexa un instrumento dinamizador do agro galego. Así, esta nova Lei da soporte legal á realización de traballos de investigación e clarificación da propiedade e o pertinente rexistro do resultado das pescudas efectuadas, de xeito que incluso dende o propio Banco se puidesen realizar traballos de arbitraje, asistencia técnica, dinamización e supervisión de accións de permutas entre propietarios que permitisen unha axilización da concentración e ordenación de parcelas nunha zona determinada.

Outra das funcións que poderá realizar o Banco de Terras é a de ofrecer servizos de intermediación entre terceiros para o arrendo ou aluguer de instalacións vinculadas a unha explotación agrogandeira, sen que estas actuacións substitúan o traballo remunerado ou a prestación de servizos retribuídos por terceiros. Deste xeito o Banco poderá publicitar e xestionar administrativamente estas instalacións conxuntamente cun lote de predios que permitiran unha mais fácil incorporación a actividade económica da agrogandería.

Nesta lei inclúese a posibilidade de que o Consello da Xunta declare Zonas de Actuación Agraria Prioritaria, previa proposta ao Consello Agrario, nas cales deberán tomar medidas dinamizadoras e de reactivación da economía rural baseada no sector agrario.

En definitiva que o que se pretende con esta nova Lei é mellorar e facilitar o funcionamento do Banco de Terras para deste xeito poder acadar o obxectivo de que o potencial e riqueza da terra rústica en Galicia sexa aproveitado e conservado con eficacia.

O seu obxectivo principal será o de regular o uso racional dos predios con vocación agraria na procura da súa conservación e de evitar o seu abandono a través da posta en valor destes, coa intención de frear a perda dos seus valores agrarios, ambientais e outros valores vinculados á utilización racional dos recursos naturais dentro dos límites que estableza a lexislación sectorial aplicable, priorizando os fins agrarios e gandeiros co fin de permitir o redimensionamento das explotacións e a ampliación da súa base territorial, a conservación das condicións ambientais dos predios rústicos e a prevención de incendios forestais.”

Coas medidas antes expostas, a lei estrutúrase en oito títulos, que tratan sucesivamente das disposicións xerais fundamentais para a aplicación da norma; do Banco de Terras de Galicia e do seu órgano de xestión; da adxudicación dos bens

incorporados ao Banco de Terras de Galicia, contemplando como medios a transmisión en propiedade e a cesión temporal de predios a terceiras persoas; das medidas tributarias e de fomento entre as que están os beneficios fiscais no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados; da Comisión Técnica de Prezos e Valores, órgano que informará dos prezos aos que se fai referencia nesta lei para a súa aprobación polo Consello da Xunta; dos predios abandonados, respecto dos que se establecen medidas para asegurar o cultivo e a realización de prácticas agrícolas respectuosas co medio, ou cando menos, prácticas de mantemento e conservación dos predios; do réxime sancionador aplicable ás infraccións administrativas correspondentes aos incumprimentos das disposicións establecidas nesta norma e das medidas dispostas para as Zonas Agrarias de Actuación Prioritaria.

Para rematar, a lei conta con tres disposicións derradeiras, das que é subliñable a modificación da Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia."

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/06/2011 16:48:20

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727